



Sala 7

## **Escultura provincial romana**

Nesta sala atópanse esculturas de época romana.  
Unha destas esculturas é a estela de Crecente.  
A estela de Crecente mide 2,80 metros de alto.  
Na estela de Crecente hai unha familia representada.

Ó lado da estela de Crecente está a estela de Adai.  
A estela de Adai ten decoración polos dous lados.  
Nun lado aparecen dúas persoas sentadas.  
No outro lado hai un home loitando cun oso.  
Debaixo da loita aparecen tres aves.

Nesta sala tamén está a estela de Atán.  
A estela de Atán ten decoración polos dous lados.  
Nun lado aparecen dúas persoas sentadas.  
No outro lado hai dous cabalos con xinete.

Outra peza desta sala é o Togado de Saa.  
O Togado de Saa é unha escultura dunha persoa.  
A persoa viste unha toga.  
A toga era unha penda de vestir dos romanos.